



CONCELLO DE BOIRO

BANDO

FERNANDO MANUEL GARCÍA DIÉGUEZ, alcalde accidental do Concello de Boiro

FAI SABER:

Que os veciños interesados en realizar as tradicionais fogueiras de San Xoán e outras que se celebran no mes de xuño (**a noite do 23 e a noite do 28 de xuño**), deben presentar unha comunicación no rexistro municipal, segundo o modelo que se facilita no Concello ou na páxina web, tendo de **prazo ata o venres 19 de xuño inclusive**.

No momento da realización da fogueira deberá portarse esta comunicación xa que pode ser requirida pola Policía Local ou persoal Autorizado do Concello.

O desenvolvemento destas fogueiras deberá axustarse ás normas que se indican na comunicación e ás ordenanzas municipais.

Boiro, 3 de xuño de 2015

O alcalde accidental



Fernando Manuel García Diéguez